

Carta dun pequeno e pequena de 1º de Primaria no Día dos Dereitos da Infancia

Chamámolos Gael, Iago, Pablo, Tomás, Daniel, Eneka, Carla, Patricia, Sara, Dalía, Lucas, Marcos, Martín, Martina, Biel e Miguel. Temos 6 anos e vivimos nunha vila moi tranquila de Galicia, Arzúa, coñecida por ser a Terra da Queixa.

Todos/as temos unha casa ou un piso onde vivimos e onde se pode dicir que non nos falta de nada. Temos comida, roupa e unha familia que nos adora, coida e protexee, ensinándonos valores, a ser persoas responsables coa natureza, coa demais, a loitar pola igualdade e a ser tolerantes.

Temos moita sorte estar onde estamos!

Imos a unha escola onde aprendemos moitas cousas. Se nos poñemos enfermos ou nos lastimamos temos a unha pediatra que nos atende cando fai falta.

E cando voltamos da escola podemos compartir momentos de xogo cos nosos irmáns e os nosos pais. As nosas profes din que se aprende tamén xogando. Que razón teñen!

Pero non todos os nenos e nenas do mundo poden dicir o mesmo ca nós! Non están coa súa pais, non poden falar libremente do que pensan, non teñen escolas a onde ir, non teñen médicos, non teñen tempo para xogar, traballan aínda que son pequenos, fanlle dano os maiores obrigándoos a cousas que non queren, participan en guerras, pasan fame...

Existen uns dereitos da infancia recollidos nunha Cartaación en 1989 e ratificados por 19 países onde se recolle que temos dereito á protección e temos dereito a ser escitados.

Nós, os nenos e nenas de 1º B queremos loitar porque así seaxa e que todos e todas teñamos eses dereitos independentemente de onde nacemos ou vivamos.

~~PABLO~~
Beni
SARA
TONÁS
LENERO,
DNLIA
MIGUEL
SARA
MARCOS
MARTIN
MARTINA
BIEL
PATRICIA
CARLA